
Libros electrónicos (Libros-e ou e-books): Crear libros-e para Acrobat Reader

- Actualizado (22.09.2006)

Como nos referíamos na sección anterior, é posible crear libros-e (e-books) en Formato PDF, para que poidan lerse co el visor gratuito Adobe Acrobat Reader. O formato PDF é un formato moi popular, e múltiples institucións e webs ofrecen os seus documentos neste formato.

Acrobat tiña dúas aplicacións gratuitas para poder visualizar documentos PDF: Acrobat Reader e E-book Reader. Esta última permítenos ter todas as vantaxes para a lectura e múltiples opcións dos e-books. Sen embargo, actualmente Acrobat xa non ofrece descargar esta aplicación de forma independente (versión 2.2 en español) aínda que podemos descargala desde outros sitios web, como librerías electrónicas, por exemplo Libronauta, porque quedou integrado nunha soa aplicación: Adobe Reader 6 é o visor de documentos pdf e o lector de e-books.

Adobe Reader 6 -a diferenza do lector de e-books específico (Adobe Acrobat eBook Reader 2.2)- esixe, para poder disfrutar das vantaxes do lector de e-books, que os arquivos PDF creados (tanto libros-e comerciais como os que poidamos crear nós) xenérense utilizando a súa ferramenta Adobe Acrobat. Si non é así, a posibilidade de anotar, sulñar e poñer marcadores está deshabilitada.

Sen embargo, se o que nos interesa é facilitar documentos ós nosos alumnos / compañeiros en PDF e permitirilles ter as vantaxes que ofrece o lector de e-books de Acrobat, podemos seguir facéndoo, descargando o lector independente (buscándoo en Internet, ou ben no sitio que propoñíamos antes) eBook Reader.

Para crear ebooks para o lector de Adobe Acrobat Reader, temos varias opcións:

En <http://www.acrosoftware.com/> pódese descargar a última versión do seu software gratuito CutePDF Printer (para Windows 98/Me/2000/XP) que permite xenerar arquivos PDF desde calquera aplicación que permita imprimir (é dicir, practicamente todas): Procesadores de texto, páxinas html, presentación de diapositivas, programas de gráficos...

Outro programa para xenerar PDFs gratuito, Gymnast. Permítenos unicamente xenerar arquivos .pdf a partir de documentos de texto (.TXT). O inconveniente é que non poderán ter imaxes integradas.

En http://www.visagesoft.com/easypdf/easypdf_free.php podemos descargar o programa gratuito "EasyPDF", (máis limitado en opcións có anterior).

A versión 1.1 de OpenOffice, para Windows, MacX ou Linux dispón da opción "Exportar a PDF" un documento.

Adobe permite, ademais, que xeneremos arquivos PDF desde a súa web. Esta é unha opción de pago, pero que ten tamén unha versión de avaliación, que permite que poidamos facer 5 PDFs de forma gratuita, rexistrándonos na web de adobe para esta fin.

Os arquivos PDF dun eBook son similares ós PDF "normais", pero poden conter unha protección engadida, para evitar que se copien ou envíen a outras persoas ou ordenadores. A maior parte dos libros-e que comprobamos en librerías on-line terán esta protección.